

SPG A GAVELA
ASAMBLEA 5 DE FEBREIRO DE 2017
PARAÑOS, COVELO.

ASISTEN: Marta, Lolo, Diana, Antía, Ánxeles, Xaquín, Belén, Héctor, David, Roberto, Elsa, Suso, Javier. Pola tarde asistiron Begoña e Ricardo.

1. XESTIÓN DE ALTAS E BAIAS:

Actualización dos proxectos implicados, dando de baixa a Abreavella (Nanda, quedou Belén en falar con ella para confirmalo), Fontedouro (Touzón, que se inclúe agora no proxecto Ecoenvío), Amoriños (Geles).

2. COMISIÓN COMUNICACIÓN:

a. Falouse do material de difusión do SPG, pegatinas, dípticos... Decidiuse consultar se se pode facer un material máis sinxelo, que saia máis barato e ao mesmo tempo empregar papel reciclado ou outros materiais máis acordes co sentir do grupo.

Falouse tamén da posibilidade de encargar, para quen estea interesadx, selos tipo tampón co logo do SPG

Penso que foi Héctor o que quedou encargado de facer estas consultas e enviar un correo á rolda para, de cara á seguinte asemblea, preparar o pedido.

b. Houbo un problema co código QR xa que en lugar de dirixir á páxina xeral de produtorxs dirixía a unha produtora concreta. Ugó é o que se encarga de redirixir o código QR.

c. David comentou que Saramaganta vai cambiar o sistema de pago, e non sabemos se co paquete básico (2€/mes) sería suficiente.

Como Touzón é o que ten os cartos das cotas el sería o encargado de facer os pagos.

3. COMISIÓN VERIFICACIÓN:

a. Concretamos os grupos de visitas e quedouse en facer as visitas antes da próxima asemblea (maio).

Para que as visitas sexan máis fluidas e poder completalas no menor tempo posible cada proxecto debe ter cuberta a folia de autoavaliación antes da visita.

b. Queda pendente para a próxima asemblea o tema dos criterios para produtos elaborados.

4. OUTROS:

a. Houbo queixas por parte de varixs membros de que estamos facendo as cousas dun xeito moi burocrático, cando o SPG debería conformar unha rede.

b. Volveu a xurdir o tema do grupo de whatsapp, pero decidiuse non crealo xa que hai persoas dentro do SPG que non teñen dita aplicación e quedarían excluídos nos temas que alí se tratasen.

c. Apareceu en prensa (na publicación Fouce, do Sindicato Labrego Galego), nun artigo adicado aos SPGs, que temos un listado de prezos mínimos, información que colleron da nosa páxina web. Como é un tema delicado por non estar dentro da idea legal de libre competencia consideramos que é mellor quitalo da páxina web, por se no futuro nos pode

causar algún problema.

5. DATA DA VINDEIRA ASEMBLEA:

A seguinte asemblea farase o 14 de maio no Verxel de Coiro, coa idea de preparar algún tipo de homenaxe á nosa compañeira Olga.